

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN EOI, O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E A EMPRESA ORANGE ESPAGNE S.A.U. PARA A FORMACIÓN E APOIO AO EMPRENDEMENTO DIXITAL BASEADO NA INNOVACIÓN (“SÉ DIGITAL”)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director do Area de Competitividade do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)

DECLARA:

Que este Ente ten previsto formalizar coa *Fundación EOI (en adiante EOI) e a empresa Orange Espagne, S.A.U. (en adiante, ORANGE)* o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue *dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2016*.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer os termos e condicións de colaboración entre as partes para o desenvolvemento e difusión do Proxecto "Se Dixital" na Comunidade Autónoma de Galicia.

"Se dixital" é un programa de formación on line, elaborado en colaboración coa EOI, para desenvolver habilidades dixitais e axudar aos cidadáns a facer negocios dende a súa localidade, baseado en contidos de alta calidade e coas últimas técnicas audiovisuais/ linguaxes de comunicación, con expertos e especialistas de renome, adaptados á realidade do lugar onde se imparten. Realizaranse un mínimo de 8 convocatorias, 2 en cada unha das provincias da Comunidade Autónoma de Galicia.

O curso está dirixido a calquera público interesado en oportunidades de negocio utilizando Internet, profesionais que queiran mellorar nas súas habilidades dixitais, calquera persoa interesada en facer negocios dende a súa localidade utilizando Internet. Algúns dos contidos nos que se formarán os alumnos son:

- *Oportunidades para os negocios dixitais dende a súa localidade.*
- *Tecnoloxía básica para os negocios e a promoción en canles dixitais.*
- *Consideracións xurídicas básicas sobre propiedade intelectual e protección de datos.*
- *E máis temáticas relacionadas coa economía dixital.*

A formación dixital consiste nun curso gratuíto de 20 h de carga lectiva para os cidadáns das localidades elixidas, ao que poderán acceder durante 2 meses utilizando a plataforma de formación creado ad hoc para o Proxecto "Se dixital", baseada en tecnoloxía de Harvard e o MIT. Tamén durante ese período de tempo, os alumnos terán acceso á comunidade de aprendizaxe local e nacional. Cada convocatória contará con titores e dinamizadores específicos para a súa localidade. Unha vez completen a formación, obterán un Certificado oficial da EOI.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

A EOI é unha entidade con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e que ten encomendada a organización, xestión e execución das actividades pertinentes para a celebración do acontecemento de excepcional interese público de carácter cultural, educativo e social denominado "60 Aniversario da Escola de Organización Industrial". Con este motivo, a EOI desenvolveu un amplo programa de actividades destacando, entre outras, as de tipo formativo, cultural, educativo e artístico de primeira magnitude, integrado por actuacións e eventos cuxa difusión se pretende coa maior amplitude e intensidade en todos os medios de comunicación social españois e estranxeiros co obxectivo de servir á comunidade en temas de Sostibilidade e Medioambiente, Emprendedurías, RSC, Enerxía, Industria e Turismo.

O IGAPE aposta pola innovación e o emprendimiento con base nas novas tecnoloxías como vía para alcanzar un novo modelo produtivo, de creación de oportunidades, de xeración de emprego e de actividade económica na Comunidade Autónoma de Galicia. O IGAPE quere apoiar a implantación e consolidación de empresas do sector das TIC no territorio da súa Comunidade Autónoma, fomentando a creación de ámbitos de formación e emprendimiento baseados na innovación que se consoliden como motores de crecemento económico e creación de emprego.

ORANGE é un operador líder no mercado español das telecomunicacións, e que ostenta a segunda posición o dito mercado con 18 millóns de clientes, dos cales 14,5 son de móbil e 3,5 de banda ancha fixa, cun investimento acumulado de máis de 15.000 millóns de euros. Ademais, Orange é o operador líder en clientes 4 G en España. É polo tanto, un socio idóneo para co-liderar xunto co IGAPE unha iniciativa de colaboración público-privada para o impulso da formación e o emprendimiento dixital na Comunidade Autónoma de Galicia.

A Iniciativa "Se Dixital, enmarcada no acontecemento "60 Aniversario da Escola de Organización Industrial", ten sido deseñada por EOI, co patrocinio de Orange, co obxectivo de contribuír á transformación dixital das empresas, ao desenvolvemento e articulación do ecosistema dixital en España, con especial atención ao fomento do proceso da formación e o emprendemento dixital, para a capacitación e apoio a emprendedores dixitais no maior número posible de localidades e comunidades autónomas españolas.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

O director do Área de Competividade